

REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA

DISCURSO¹ LIDO
O DÍA 12 DE MARZO DE 1982,
NO ACTO DA SÚA RECEPCIÓN,
POLO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON

CONSTANTINO GARCÍA GONZÁLEZ

E RESPOSTA DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON

RICARDO CARVALHO CALERO



¹ Texto tirado do mecanoscrito orixinal depositado no Arquivo da Real Academia Galega

DISCURSO

DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON

CONSTANTINO GARCÍA GONZÁLEZ

Excmo. Sr. Presidente,

Excmos. Sres. Académicos,

Meus señores, miñas donas,

Hai pouco mais dun ano que os membros da Real Academia Galega me fixeron o honor de nomearme membro numerario da mesma. Mandan as boas formas corresponder con agradecemento a tal estima e honra, pro neste caso non teño mais remedio que reprocharlle a esta corporación a súa máxima benevolencia por escoller un home que, examinándose a si mesmo, non ve nel mais méritos cós de levar en Galicia unha longa temporada amando as súas terras, a súa xente, a súa cultura, a súa lingua... Sodes moi xenerosos chamándome a formar parte desta xa veterana institución, na que pouco poderei aportar coa miña bagaxe dun modesto universitario que recorreu algo do ancho mundo pra terminar enraizándose nunha das cidades universitarias mais pequenas pro das mais universais pola súa historia e a súa cultura. Desde ela recorrín Galicia pra beber da boca do pobo as súas verbas, os seus ditos, as súas maneiras lingüísticas de expresión, os seus costumes e en fin a esencia da súa cultura. Contade comigo pró pouco que vos poida servir, beneméritos académicos, que tivéste-la amabilidade de chamarme ó voso seo e repítovo-los meus sentimentos de agradecemento pola honra que gratuitamente me concededes. Gracias.

Se o recibimento dun novo académico pode resultar un acto de alegría, por unha banda, é, por outra, tamén de tristeza e dolor porque supón a perda doutro académico, do egrexio universitario Don Luís Iglesias Iglesias, profesor de Bioloxía na Universidade compostelana. Por azares da vida coincidín por primeira vez con D. Luís Iglesias no acto en que eu tomaba posesión da cátedra de Filoloxía Románica e el, por xubilación, cesaba como Decano da Facultade de Ciencias, polo que tiña lugar a continuación o relevo no Decanato. Pareceume un home externamente fino, cortés, educado, tal vez frío, elegante e demasiado rufo prá súa idade. Pouco a pouco fun enteirándome do que D. Luís representaba na Universidade. Tras esa capa exterior

agachábase un mestre de moitas xeracións de estudantes, un home que non só pasaba horas e horas no laboratorio, senón que vivía a realidade galega no campo tanto como un campesiño e coñecía os problemas do solo, da fauna e da flora, como o mostran os seus traballos sobre a descripción dos xacementos galegos da evansita, os prados de Galicia, impresións dunha excursión científica ós Ancares, a fauna ornitolóxica en Galicia, etc. etc. Polo seu labor científico foi chamado a esta docta casa en 1943 e catro anos mais tarde leu o seu discurso de recepción sobre as especies do xénero “Carabus” en Galicia.

D. Luís Iglesias e Iglesias, vigués de nacemento, fixo as carreiras de Medicina e Ciencias Naturais en Santiago e en Madrid, e doutorouse na segunda especialidade, adicándose desde entón con paixón e fervor ó maxisterio universitario (foi tamén catedrático de Historia Natural, Fisioloxía, Hixiene, Botánica e Zooloxía do Instituto Nacional de Santiago) pasando por tódolos degraos da carreira: axudante, auxiliar temporal, encargado de cátedra e por fin catedrático de Bioloxía da Facultade de Ciencias desde o ano 1932. Foi Decano, Administrador Xeral, Vicerrector e Rector elixido polo claustro o vintedous de maio de 1936 e ocupou ademais outros cargos, como o de Presidente da Comisión prá Residencia de Estudiantes, Presidente do Patronato Rosalía de Castro e Director vitalicio do Museo de Historia natural, obra na que puxo un grande interés por facer del unha magnífica mostra das Ciencias Naturais de Galicia.

Sinto moito que os merecementos que puidestes ver en mi, pra suplica-la falta de tan grande mestre, sexan tan pequenos. Pro azos non me han faltar pra que a bondade que tivestes comigo ó elixirme membro desta Corporación sexa correspondido pola miña parte con entusiasmo e amor pra cumprir coas tarefas que me encarguedes. Moitas gracias.

Todo home nace dentro dun grupo humano e dentro del vaise formando o seu pensamento, as suas sensacións, e posteriormente a capacidade de comunicar ós demais membros do grupo o seu propio pensamento, as súas decisións, os seus desexos a través da linguaxe común que une a tódolos membros dese grupo. Todos eles comprenden o que el di, e el mesmo comprende toda frase, toda expresión, tódolos desexos dos demais membros do grupo. Fórmase unha relación social e comunicativa do individuo a través da linguaxe. Estamos, pois, ante unha comunidade lingüística na que os individuos se

comunican por medio da lingua. Lingua e comunidade son inseparables. Non haberá xamais unha comunidade sen lingua e non haberá lingua sen unha comunidade.

Todo ser humano nace no seo dunha familia, e dos seres que o rodean recibe os signos de expresión lingüística que lle van permitir relacionarse cos seus semellantes. O cativo escoita da nai e dos demais membros da familia as primeiras mensaxes dunha intercomunicación que o fan sentirse seguro e que lle servirán de base pra forma-la súa propia personalidade pra sempre. Co tempo chegará a te-lo mesmo dominio da ferramenta lingüística cá súa familia e sentirase integrado no círculo familiar. En principio, podemos dicir, recibiu un código familiar que despois irá modificando en relación ós diversos avatares que irán transformando a súa vida persoal, familiar, profesional, social. O código individual irase apartando e diferenciando do aprendido nas primeiras comunicacións co seu entorno familiar.

Agora ben, por moito que o seu código individualizado ou idiolecto se separe do da súa nai, o individuo manterase fiel ó seu código familiar e saberá manexalo segundo as circunstancias do seu entorno. Moi cedo o neno poderá darse de conta de que fala xa de dúas maneiras distintas. Así pois, segundo os seus interlocutores, o código individual ten variantes desde a tenra infancia.

Cando o individuo sae do círculo familiar vai adeprendendo moitos dos demais membros do seu entorno, tanto se considerámo-lo individuo colocado na aldea ou nun barrio dunha vila ou cidade. O código aprendido basicamente na casa modifícase no mundo exterior en contacto cos amigos de xogos no caso dos nenos, cos amigos de traballo ou de conversa, na rúa ou na taberna. É indubidable que tanto o rapaz coma o adulto sente que o código da casa ten variantes con respecto ós códigos dos veciños e que debe adaptarse ás diversas situacións. É un feito evidente tanto pró falante como pró lingüista que dúas persoas nunca falan totalmente da mesma maneira.

Os membros dunha mesma familia reflexan xa o mundo complexo da lingua. Por un lado, todos se entenden perfectamente porque teñen as mesmas posibilidades de expresión, comprenden moi ben tódolas mensaxes que reciben e, por outro, teñen relacións con outras xentes veciñas ou con outros familiares non inmediatos deles, e dan e reciben mensaxes que adeprenden a usar polos contactos duns cos outros. Dentro do que poderíamos chamar grupo familiar vemos que a fala está a facerse dun equilibrio entre dúas tendencias opostas: unha, a de quedar sempre a mesma, aillada do mundo exterior, e, a outra, a de introducir innovacións que traen de fóra cada ún dos membros

do grupo. Sen a segunda tendencia o grupo familiar quedaría separado ou diferenciado dos demais grupos. Quietismo e innovación, unificación e variación son constantes que debemos ter de conta pra comprende-lo desenrolo dunha fala.

Este proceso de fixación e innovación da fala familiar, da fala dos grupos familiares ou dos grupos dunha poboación é o que fai que tódolos individuos, a pesar de te-lo seu código individual, manexen o código do grupo social sin dificultades. Todo grupo social ten pois unha lingua de comunicación e séntese tan ligado a ela que non se pode concebi-lo grupo sen lingua, do mesmo xeito que non se pode concebir unha lingua sen unha comunidade que a fale. A lingua ten unha importancia primordial no mantemento da comunidade. Poden os demais elementos culturais ou de civilización ou de costumes ter unha firmeza tan grande e tan unitaria como se queira, pro se o elemento lingüístico que os une se vén abaixo, nada podería asegura-la permanencia ou a existencia duradeira dese grupo. Porque se uns vínculos de solidariedade fixeron callar nunha lingua única e diferente un grupo de falas con tendencias diverxentes, a desaparición desa fala suporía tamén a disolución deses vínculos e a cancelación daquela solidariedade.

Todo membro do grupo nota diferencias da súa fala coa fala doutros membros apartados de si, pro ten conciencia tamén dunha unidade de sentimento común en tódolos falantes que forman parte da súa comunidade. A mesma especie de convenio colectivo secreto, e inconsciente, que existe dentro do grupo familiar, existe tamén dentro do grupo social pra conserva-la lingua tal como a recibiu dos seus antergos, aínda que a vaia modificando dentro do trascurso do tempo en que vive e conformando co que chamaremos norma social coetánea ó individuo.

Esa norma social coetánea ó individuo é a que fai que todo membro do grupo faga fronte ás innovacións chocantes. E faino de tal xeito que ridiculiza ó individuo que produce innovacións lingüísticas. Agora ben, esas innovacións impoñense, ás veces, por diversas razóns, no código do grupo e xa entón deixan de ser ridiculizadas.

Do mesmo modo que unha familia se vai transformando ó longo do tempo coas mortes, casorios e nacementos, así o grupo vaise modificando tamén, e esa modificación leva consigo a transformación continua da lingua. O grupo está sempre en movemento e por tanto a lingua tamén.

Imaxinemos un castro galego hai uns dous mil anos. Os seus moradores falaban unha lingua que hoxe non sabemos nin como se chamaba nin que características tiña. Coa conquista romana comenzaron a adprende-la lingua latina, cousa que conseguiron ó cabo de varias xeracións. Desde entón os descendentes daquel castro, que agora viven no val, está a falar sempre a mesma lingua: a latina. Pasaron os séculos e pasaron as diferentes xeracións e eles seguiron coa mesma lingua. ¿Pro é realmente a mesma? Si e non. Si, en canto que sabemos que o galego é o resultado moderno do latín falado aquí en Galicia, e non, en canto que é evidente que hai unha imposibilidade de comprensión entre ámbalas linguas: incompreensión que chega tamén a outras linguas que proceden igualmente do latín e que serían algo así como irmás do galego. Cada xeración foi modificando o propio código de tal xeito que a diferenza entre o código de hoxe e o dos primeiros que adprenderon o latín é tan grande, que aínda sendo dous puntos no decurso cronolóxico da mesma lingua, un galego non pode entende-lo latín sen unha aprendizaxe previa; nin pode entenderse cos que falan outras variedades de romance (franceses, rumanos, etc.), porque tamén estes modificaron o primitivo e único código latino de maneira diferente a nós.

A complexidade da vida social é moi grande. Os membros dunha comunidade teñen, por moi elemental que sexa o grupo que a compoña, diversas profesións ou especializacións no seu traballo: labradores, ferreiros, canteiros, carpinteiros, madeireiros, feireantes, menciñeiros, carreteiros, barbeiros, xastres, etc. etc., e non digamos xa das profesións tan complexas da vida de hoxe. Cada profesional está en posesión dun nivel da lingua distinto do dos outros. Pro é que ademais cada membro sabe como comportarse en cada situación social. Non fala co cura ou co xuez do mesmo xeito que o fai co seu compañeiro de traballo ou coa muller ou cos seus fillos na casa. O seu código, pois, é múltiple segundo as circunstancias, pro non deixa de ter un núcleo moi grande que é completamente común ó código dos demais membros da comunidade.

En fin, a lingua é algo tan fixo e tan variante como o home mesmo.

¿Astra onde sente un individuo que chega a súa comunidade? Unha lingua é algo moi difícil de delimitar. Do mesmo xeito que é difícil de delimita-lo círculo familiar amplo tamén o é a delimitación dunha comunidade lingüística. As antigas divisións políticas, administrativas e relixiosas poden axudar a esta tarefa. Se nós tomamos, por exemplo, un falante dos arredores de Lugo e lle pedimos que faga diversos recorridos na

dirección dos catro puntos cardinais, veremos que, se marcha cara ó Norte, chegará pronto ó mar, sen que note mais diferencias fundamentais (aparte dalgunhas denominacións de cousas de modo distinto) que algúns rasgos morfolóxicos da fala propia coa fala do Norte da provincia: as xentes dirán *tu* e *cantábamos* onde el diría *ti* e *cantabamos*. Se vai cara ó Poñente atopará que as xentes dirán *chehar*, por *chegar*, *crus* por *cruz*, *luns* por *lus*, *irmán* por *irmao*, *parteu* por *partiu* e algún outro rasgo non mais significativo cós citados. Abondarán estes datos pra que sinta que esas xentes falan outra fala distinta á súa? Non, a realidade é que sente chocantes os fenómenos occidentais e mesmo lle fai gracia a entoación costeira, pro sente tamén que non son mais que variantes dun sentimento común dunha mesma lingua. Se o noso falante se dirixe cara ó Levante nota entre outras cousas que as xentes din *tu* en vez de *ti*, *vecín* por *veciño*, *xamois* en vez de *xamós*, e pasa a fronteira con Asturias sen que o seu sentimento se vexa moi afectado polas diferencias. Pro si comenza a dubidar algo cando as xentes din *molín* en vez de *muíño* ou *muín* e moito mais cando xa escoita *lluna*, moi lonxe da súa voz *lúa*, e avanzando mais chegue a escoitar algo moi significativo en moitas palabras: as diptongacións *ie*, *uo*, *ue* en verbas como *tierra*, *puorta*, *puente*, etc. Os lingüistas din que alí está a fronteira definitiva de separación. Pró noso falante non queda claro se comenzou uns kilómetros antes ou se aínda, ó avanzar un pouco mais cara ó Oriente entende bastantes cousas e podería leva-la fronteira mais aló. O que lle pasa é que está nunha zona fronteiriza na que a comunidade se sente de cabalo dos dous sistemas veciños: galego e asturiano. Pro se o noso falante seguise adiante sabería que aqueles falantes non teñen xa o mesmo código ca el. Non é casual que a fronteira administrativa coincida aproximadamente coa lingüística. Outro tanto lle pasaría ó noso falante viaxeiro cando fose cara o Sur. Ó chegar á raia de separación política con Portugal comenzaría a ouvir unha serie de sonidos que non lle son familiares *genro*, *as casas*, *chover*, *irmãos*, *touro*, *tu fazes*, *não estou bem*, etc. etc. amén, como é lóxico, de moitas palabras descoñecidas. O noso viaxeiro delimitaría por experiencia persoal o marco da comunidade lingüística galega, o mesmo que calquera outro falante podería darse de conta, ó falar cun descoñecido, se este pertence á propia comunidade galega ou pertence a outra comunidade, asturiana, castelá ou portuguesa. En definitiva, o falante galego ten conciencia da identidade do propio sistema e sabe das variantes que ofrece a lingua común da comunidade galega.

Como acabamos de ver, dentro dunha variedade de formas diverxentes, o home galego sente a existencia do que é galego e do que non é galego. O que non ve xa claro é onde está a norma a imitar do que chamariámo-lo bo galego ou galego normativo. Noutras partes os falantes buscaron a norma nas xentes da capital ou nas cortes reais. Aquí conservamos unha relativa grande unidade na lingua oral que permitiu e permite sen grandes problemas chegar a unha lingua común, lingua común que non debe afogalas pequenas variedades locais e que debe ser como unha especie do promedio obtido das diversas variedades. A lingua común oral debe estar na base da lingua escolar, da lingua escrita, da lingua literaria, da lingua culta, da lingua científica e técnica.

Astra hai pouco dábase unha importancia moi grande á lingua escolar e á lingua escrita prá fixación da lingua común oral. Nos últimos anos a situación cambiou radicalmente. Non son xa os mestres de escola ou os cregos desde o púlpito ou os oradores nos mitins ou os actores de teatro os que serven como modelos únicos. Son os medios audiovisuais os que dunha maneira eficazísima están influíndo sobre audiencias enormes durante moitas horas diarias. A radio, as casetes, a televisión, os vídeos van marca-lo mundo da norma da lingua oral. Unha hora de programa televisivo interesante fai mais pola unidade da lingua común oral que a edición de centenaes de milleiros de periódicos ou milleiros de libros ou clases na escola.

Creo que xa fixemos fincapé abondo en que unha lingua é algo que non é doado de abranguer e de meter nun marco. É *unha* e *varia* á vez. É crenza moi xeral e moi simple pensar que a lingua pode quedar fixada a través da escrita. Nada mais falso. A linguaxe, como a vida mesma, non pode ser apreixada porque é cambio e movemento contínuo. Non queremos decir que non a poidamos fixar momentaneamente dándolle unha escrita; pro coa mesma conciencia daquel que fai unha fotografía a un neno: sabe que a foto representa unha instantánea e non a vida enteira do individuo. Non podemo menos de recordar unha imaxe dun famoso lingüista, Vendryes, que comparaba a creación da lingua escrita coa formación dunha capa de xío na superficie dun río. O xío toma do río a súa substancia, non é senón a auga do río, pro xa non é o río. Cando o neno ve o lazo, cre que xa non existe o río e que este está parado. ¡Vana ilusión! Baixo a capa do xío a auga continúa circulando. Cando quebra o lazo, a auga sae brincando e murmurando. Así é a imaxe do curso da lingua. A lingua escrita é a capa de xío; a auga que está debaixo correndo, pro apreixada pola capa de xío, é a lingua oral popular e

natural. O frío que produce o lazo e que quería rete-lo río, é o esforzo dos gramáticos e dos pedagogos. A raiola que rompe o lazo e dá liberdade á auga é a forza invencible da vida, vitoriosa de regras, que rompe as trabas da tradición.

É necesario que a lingua escrita teña unhas regras mínimas de uso e que sirvan de base ós pedagogos e gramáticos, pro non poden partir de regras que non se axusten á realidade da lingua común. Hoxe coa existencia dos medios audiovisuais, coa mesma prensa que está en contacto coa realidade do home, non se pode inventar unha lingua escrita pra unha minoría de iniciados. Ten que haber unha comunicación continua da lingua escrita coa lingua oral. Houbo sempre escritores que afirmaron que escriben como falan, pro nunca houbo falantes que falen como escriben. Se algunha vez atopamos a alguén que o fai terémo-la sensación de atoparnos ante un imbécil. Cando un escritor quere ridiculizar un personaxe faino falar cunha linguaxe anticuada ou fóra da lingua común.

Se unha lingua dunha comunidade quere que esta sexa lingua de comunicación a tódolos niveis, é evidente que necesita dunha escrita. A ningunha das linguas cultas que hoxe coñecemos lle foi moi doado converti-la lingua oral en lingua escrita. Normalmente, os primeiros falantes que intentan escribir atópanse cunha serie de dificultades que consisten sobre todo na representación gráfica dos sonidos da lingua. Como é ben sabido, a maior parte das linguas europeas occidentais modernas tomaron como modelo os grafemas latinos, pro pensemos que estes non poden representa-los diversos sonidos de cada unha destas linguas modernas. Basta mirar calquera texto medieval dunha destas linguas pra darse de conta dos diferentes intentos de poñer, por exemplo, por escrito un sonido palatal calquera. Unha vez que unha lingua teña calquera sistema ortográfico que represente á lingua común, ten o problema de que, ó transcurrir do tempo, ese sistema queda anticuado. Loxicamente o sistema ortográfico debería ir evolucionando como o fai a lingua oral, pro a realidade demóstranos que isto non sucede deste xeito. En certa maneira ocorre que a lingua escrita é sacralizada por algunhas xentes, especialmente por gramáticos e pedagogos, e isto é así porque estes pensan que a lingua a través da escrita queda fixada pra sempre.

A lingua escrita representa case sempre unha tradición cunhas regras fixas que, ó longo do tempo, vai separándose da realidade da lingua común. A lingua escrita debería se-lo resultado dos diferentes niveis de lingua de tódolos falantes, tanto dos letrados coma dos iletrados. Son precisamente os gramáticos os que mais loitan por “purifica-la

lingua”, por establecer regras gramaticais, por facer que as palabras sexan usadas no seu verdadeiro sentido. Esa tarefa é digna de todo eloxio, sempre e cando esas regras e ese léxico codificado teñan unha correspondencia na expresión lingüística dos seus falantes. Agora ben, cando a lingua escrita se afasta da lingua oral, por non saber evolucionar ó mesmo tempo ca esta, convírtese nunha especie de lingua morta. Cando Carlo Magno intentou purifica-lo latín falado na súa corte, firmou a sentencia de morte do latín que poderíamos chamar clásico e a acta do nacemento do novo latín, é decir, a lingua romana popular, neste caso, o francés.

A lingua escrita é de todo punto necesaria porque serve de base non soamente prás finalidades do ensino, da comunicación social a tódolos niveis (cartas, documentos), senón tamén porque cumpre unha finalidade artística. É a base, sobre todo hoxe, da obra literaria. Esta cumpre tamén en moitas ocasións unha finalidade didáctica porque serve de modelo a moitas persoas que a través delas enriquecen o propio código lingüístico individual. Se unha obra literaria alcanza un alto nivel artístico e unha grande difusión entre os membros da propia comunidade, influirá necesariamente na lingua común. A maior parte dos literatos son creadores da lingua e son moitas as innovacións individuáis nas súas obras que conseguiron pasar á lingua común, por iso a elevación cultural de moitas linguas débese ó ben facer de certos escritores. Pensemos na grande influencia dalgúns literatos, italianos e alemáns na creación de ámbalas dúas linguas nacionais.

A lingua escrita, en tódalas súas variantes de lingua escolar, de administración, de relación social ou de lingua literaria, ten unha importancia moi grande pró mantemento da lingua común.

Pro non se debe esquece-lo que pasóu coa lingua literaria latina que ó afastarse da lingua falada perdeu vixencia e acabou por desaparecer. A intercomunicación da lingua común oral coa lingua escrita é algo que non deben deixar de man os gramáticos, os pedagogos, os planificadores da lingua.

Pensemos que na base de toda lingua común houbo sempre unha lingua concreta, unha lingua real, con falantes que a falaban. A historia móstranos que sempre foi así. Naturalmente, as circunstancias históricas que determinaron a conversión dunha lingua oral en lingua escrita e de cultura son moi diversas. Calquera lingua ou dialecto concreto pode convertirse en base de lingua común dunha comunidade moi extensa. Pensemos nalgúns casos: a lingua dunha pequena cidade como Roma foi capaz de

converte-lo seu “sermo rusticus” nun “sermo-urbanus” e elevalo á categoría de lingua cultural por excelencia. A lingua popular da burguesía parisiense impúxose como lingua común á rexión da Île-de-France e estendeuse como lingua de cultura. En España o poder político real que falaba castelán convertiu este dialecto nunha lingua universal de cultura.

Outras veces a influencia do dialecto dunha cidade pode facer que se imponha como norma en todo un país, como é o caso do portugués no que a importancia política alcanzada por Lisboa fixo que na lingua común se esquenceran as modalidades do norte de Portugal que tan preto están de nós, os galegos, ou a influencia de Londres na formación do inglés porque nesta cidade tivo lugar a fusión dos varios dialectos que traían consigo os inmigrados das distintas rexións inglesas. Ou volvamos a recordalo caso da lingua italiana que, ben que tivo na base a lingua toscana, a obra literaria dos grandes mestres conseguiu elevala a categoría de lingua común de toda Italia. E tamén recordémo-lo caso do alemán no que a influencia relixiosa fixo a unidade da lingua escrita.

Polo tanto, na base de tódalas linguas comúns convertidas en linguas cultas hai sempre unha lingua falada que se deixa influír por aquela, sempre e cando a influencia sexa mutua. A base da lingua común pode ser tanto un dialecto como unha modalidade local que se impón sobre os demais dialectos ou modalidades da comunidade social. Neste caso prodúcense relacións intensas entre a lingua común e os diversos dialectos que fan que aquela teña unha influencia no desenrolo dos dialectos que pouco a pouco serán absorbidos pola lingua común. Se isto non se produce e os dialectos seguen a mante-la súa situación, atoparémonos cunha especie de bilingüismo no que a lingua común será a lingua A e o dialecto a lingua B. É dicir estaremos diante dunha situación de diglosia que tarde ou cedo terá que romperse, porque as diverxencias entre os sistemas da lingua común e dos dialectos serán tan grandes que haberá necesidade dunha nova lingua común, formada, no mellor dos casos, novamente a partir da lingua falada, ou ben adoptando unha lingua invasora, que naquel divorcio encontrou un terreo abonado.

A lingua común ha de representa-la mentalidade do pobo que a fala. É ben coñecida a idea de que cada lingua representa en certo xeito os gustos, costumes e temperamento dos seus falantes. É este, como todos, un tópico difícil de comprobar, pro a realidade é que hai linguas que teñen unhas características que non se dan noutras e

que corresponden a determinados feitos que se dan nos diferentes países. É indubidable que a construción da frase alemana, que ten un carácter mais ríxido cá construción dunha frase de calquera lingua romance, responde á mentalidade de orde do pobo xermánico fronte á improvisación que caracteriza ós pobos románicos. É tamén claro que a mentalidade dunha época inflúe na realidade dunha lingua. Historicamente vemos sobre todo a evolución do léxico segundo os diferentes sistemas políticos que se suceden nun país. Vemos tamén como os diversos movementos literarios, que se van dando, van deixando na lingua a súa impronta.

Non podemos colexir identificación de mentalidade e lingua, pro si podemos verificar que todo falante se identifica de maneira absoluta coa propia lingua, e o falante inxenuo atopa como algo verdadeiramente extraordinario que os forasteiros chamen a calquera obxecto da vida cotidiana con outro nome distinto ó seu.

Do mesmo xeito calquera membro da comunidade sente os elementos culturais nos que vive como algo natural á súa existencia.

O home está vencellado á súa circunstancia e ó seu contorno. Unha comunidade que non coñeza nada de pesca, dos barcos, do mar, non necesita ningún nome pra nomea-los diferentes obxectos e actividades da pesca ou da construción dos barcos, pro ten no propio sistema da lingua os medios pra chegar a formar un vocabulario axeitado a ese mundo. Vemos que no mundo de hoxe se está continuamente a crear unha serie enorme de inventos e novos obxectos que necesitan novos nomes. Cada lingua busca diversos procedementos pra crea-los nomes correspondentes a eses novos obxectos. A xente identifícase axiña con esas novas verbas que pasan a formar parte do propio acervo cultural.

A identificación do pobo coa súa lingua considérase como testemuña da unidade étnica dun país. Se pensamos que unha comunidade como a galega ten unha unidade étnica, iso será debido a que Galicia ten unha lingua propia. O día en que Galicia perda a propia lingua, perdería tamén a súa unidade étnica: Deixaría de ser Galicia, ou, mellor dito, sería outra Galicia. Hai incluso filólogos e etnólogos que definen a palabra “pobo” sinxelamente con estas verbas: conxunto de homes que falan a mesma lingua.

Se como levamos xa repetido abondo a lingua é o medio de comunicación individual, familiar e social, no cal se entrecruzan os distintos niveis de linguaxe, dando a impresión de que hai moita confusión e de que os sistemas non están claros, a

realidade móstranos que por riba de todas estas variantes hai unha unidade ideal. É certo que non se debería falar nunca de linguas puras porque non hai tampouco comunidades sen mesturas coas comunidades veciñas. É un feito evidente en tódalas linguas do mundo. Así, por exemplo, vemos que Roma, cunha lingua de pastores, foi convertíndoa nunha lingua, diríamos impura, pro mais axeitada a tódolos pobos, que despois a faláron, porque foi recibindo a sabía do léxico dos pobos veciños oscos, umbros, etruscos, e non digamos despois da influencia exercida polo grego... Pensemos naquel latín que adprenderon aquí os nosos antergos e a cantidade tan grande das innovacións que se foron producindo ó longo dos séculos. Aparte da evolución interna do propio sistema fonético-gramatical e léxico vemos como despois foi recibindo a influencia de verbas xermánicas, árabes, francesas, provenzais, castelás, etc.

Non queremos rematar estas matinacións sen referirnos, anque sexa moi brevemente, ó problemas das linguas en contacto. O enfrentamento de linguas é algo que se produciu continuamente ó longo da historia da humanidade, pro ese enfrentamento nunca se dá do mesmo xeito porque nunca se dan as mesmas condicións socio-político-económico-culturais. No extenso mundo do poderoso Imperio Romano vemos que o latín non chega a imporse de modo absoluto nin siquiera nunha cuarta parte do seu vasto territorio. Non soamente non logrou triunfar en todo o Norte de Africa, no Próximo Oriente, na Europa Oriental e central, senón que vemos que mesmo na nosa Península Ibérica resistiu tódolos embates da superioridade cultural latina un pequeno grupo de falantes dunha lingua da que nin siquiera coñecemos-lo seu parentesco con outras: o éuskera. Os árabes cunha cultura e cunha civilización superior ós habitantes da Península Ibérica nunca conseguiron borra-la lingua romance falada no Sur da Península a pesar dos varios séculos de dominación total. No mundo mais cercano ó día de hoxe vemos como moitas linguas eslavas sobreviven ó ruso, como o finés resistiu ó sueco, como o bretón segue adiante a pesar da política lingüística xenocida do goberno francés, como outras linguas célticas seguen resistindo ante o inglés. Se o sentimento dunha comunidade lingüística é forte e consciente da súa propia identidade cultural non hai medo de que a lingua vaia perderse. A firme vontade dun pobo é capaz de sobreporse ás dificultades que supoñen a conservación dunha lingua minoritaria. Hai no mundo de hoxe moitas linguas na mesma situación có galego, e canto mais fortes son no mundo material actual as conexións do imperio das multinacionais, mais fortes son

aínda as reaccións dos pequenos pobos pra defende-la súa identidade étnica-cultural e, por tanto, pra loitar polo prestixio do seu sentimento mais querido: a lingua propia.

A vontade do pobo determina a existencia da súa lingua. Ninguén ten atribucións pra impoñer ó pobo o que debe facer co seu medio de expresión lingüística. Mais de dous séculos estiveron académicos, gramáticos e pedagogos casteláns decíndolles ás xentes que debían pronuncia-lo uve como consoante labiodental. ¡Traballo inútil! O pobo non quixo e por fin, deixárono en paz non hai moitos anos. Cando os académicos franceses discutían sobre se a palabra *automobile* debía ser considerada do xénero masculino ou feminino, antes de que saíra a súa resolución, o pobo dictaminou que era feminina.

Non se pode falar de que nun lugar determinado ou de que tal ou cal individuo fala o mellor galego ou o galego ideal, porque esa idea de galego está en todosos falantes galegos e en cada un deles en particular. O que poderíamos chamar galego correcto será sempre unha entelequia, será un ideal que deben perseguir tanto os gramáticos, os pedagogos e os escritores, como os propios falantes. Ese ideal debe se-la meta de tódolos homes de boa vontade que forman a comunidade galega e que sintan que o medio de expresión natural pra comunicarse cos demais é a lingua herdada dos seus antergos, que é a mais querida ferramenta lingüística non só pra facer cantos líricos senón pra tódolos mesteres da vida. O galego non depende mais que dos seus falantes. Sen escolas, sen ensino, sen uso oficial, sen os medios de comunicación ó seu servicio, a lingua galega chegou astra hoxe porque o pobo o quixo. Na vontade do pobo galego está o porvir da súa lingua.

Por iso é mester que os que témo-la obriga de axudar a restaurala e convertila no vehículo de comunicación diario e natural dos galegos en tódalas esferas da vida manteñamos, agora que non se ve como inalcanzable a meta da normalización, o espírito de amizade e camaradería que uniu ós fundadores desta institución e, en xeral, a cantos participaron na empresa do rexurdimento. Porque sin simpatía, estima, confianza e mesmo espírito de corpo e complicidade, as aspiracións que nos unen serán moito mais difíciles de realizar.

Dixen.

RESPOSTA

DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON

RICARDO CARVALHO CALERO

Señores académicos:

Cumpro a honrosa encomenda que con data 23 de novembro último se me fixo en escrito do Secretário desta Corporación, refrendado polo Presidente, e no que se me comunicaba que, correspondendo ao desexo do señor Garcia González de que fose eu quen respondese en nome da Académia ao seu discurso de ingreso, aqueles directivos do noso Instituto terían de agradecerme muito que me dignase aceptar a designación, que à Xunta de Goberno lle parecía mui acertada, por concorrer en min aquelas condicións que me facían o máis idóneo entre os académicos para tal mester. Até aquí, as palabras, sobradamente falangueiras, da comunicación académica.

Dobremente obrigado, pola cortesia do señor recipiendário e pola da Xunta de Goberno, non podía resistir tan gasalleira presión, aínda que, por suposto, se comprendo as razóns que ao un e à outra moveron a solicitar de min unha actuación que me distingue sobranceiramente, creio con firmeza que todos os meus compañeiros, mais nomeadamente algúns que cultivan leiras do saber semellantes às que con tanto éxito traballa o Profesor Garcia González, poderían recibir a comisión que hoxe desempeño, e con maior brillantez executá-la.

Houbo un tempo en que o Doutor Garcia González e máis eu colaborámos estreitamente, non só no intercambio, a miúdo mui intenso, de ideas científicas, senón na organización e funcionamento de institucións e actividades facultativas pertencentes tanto à investigación lingüística e filolóxica como ao goberno administrativo universitário. Entón, e mesmo aínda depois de ter eu espilido a responsabilidade formal das cárregas ou cárragos que, para excusar outras e outros máis gravosos, algunha vez me vin forzado a aceptar, raro era o día en que o Profesor Garcia González non me distinguía con frecuentes chamadas telefónicas e visitas persoais ao meu despacho de Xefe de Departamento; de xeito que, nun longo e intenso roce, enxendraron-se relacións de amizade que explican, se non xustifican, mellor que outras circunstancias, a miña elección para recibir ao novo compañeiro.

Este naceu en Oviedo o 20 de setembro de 1927. Realizou os estudos de Licenciatura en Filoloxía Románica na Universidade daquela cidade, e os de Doutoramento na Complutense de Madrid. Foi Profesor Axudante das Cátedras de

Gramática Xeral e Gramática Histórica da Língua Española nesa mesma Universidade, e leitor de Español na de Bonn. Desde 1965 é Catedrático de Filoloxía Románica na Universidade de Santiago.

Entre os seus traballos de interés galego figuran investigacións dialectolóxicas sobre o léxico da comarca compostelana, sobre o subfixo -ANA e sobre *amanecer* e *anocheecer* en galego, entre outros; así como a dirección das equipas que elaboraron o Atlas lingüístico galego, e as que redactaron o método *Galego* en tres partes, e outros traballos realizados ou en curso de realización no Instituto da Língua Galega, que o Doutor Garcia González dirixe, e que funciona na Facultade de Filoloxía da Universidade Compostelana. Tamén é director da revista *Verba*, anuario galego de Filoloxia, que concede especial atención aos estudos galegos e que se completa con anexos que constitúen até a data unha colección de dezasete volumes, a maior parte deles relativos à língua galega.

Destaca, pois, como se desprende deste sumario índice, a personalidade do Doutor Garcia González, non só polo traballo individual realizado no campo científico, senón tamén polo moderno espírito organizativo, que o determina a desenvolver unha actividade impulsora de empresas colectivas, que fan del unha das figuras máis dinámicas do actual profesorado universitario, repetidamente designada, por tal razón, para ostentar postos de responsabilidade na dirección da vida académica.

Ocupa o Profesor Garcia nesta Corporación, a vacante producida pola desaparición de outra figura universitária compostelana de grande relevo, e que, en zonas da actividade científica distintas das cultivadas polo recipiendário, amostrou análogas virtudes, pois tamén soubo sumar às súas investigacións persoais, a capacidade de goberno e iniciativa fundacional e directiva de institucións e centros de traballo que coñecen todos os académicos, e que decidiron à nosa Institución no seu día a acollé-lo no seu grémio. Quen vos fala tivo relación persoal co Doutor Iglésias desde o ano 1926, sostida especialmente na Comisión Directiva do Seminario de Estudos Galegos, na que ambos coincidimos, e sempre lembraréi a cortesía, xustamente subliñada polo Doutor Garcia, do seu antecesor o Doutor Iglésias, cortesía que non debemos considerar, na súa proxección universitária, como manifestación dun espírito hoxe anticuado perante as novas condicións da vida académica, senón como un patrimonio que, adaptado certamente à realidade circunstancial, debe ser mantido, ou restaurado, para

conservación, ou devolución, à Universidade, daquelas formas de convivencia que corresponden a un fogar de cultura.

O Doutor Garcia González, lingüista de oficio, escolleu como tema do seu discurso de ingreso nesta Corporación, o tema da realidade lingüística. O recipiendario reflexiona sobre o obxecto dos seus estudos de especialista, enfocando a súa reflexión maiormente desde o ángulo sociolóxico. A vida da lingua, que é, por suposto, fundamentalmente, un medio de comunicación entre os homes, desenvolve-se, polo tanto, na sociedade, e está estreitamente vinculada às transformacións desta. Mesmo se transforma con ela, porque, en realidade, a lingua non é un ser, senón un devir, un sobrevivir, un *fieri*, e hai que contempla-la, polo tanto, nunha perspectiva de fluencia heraclitana mellor que nunha visión de estabilidade eleática. Sincronía e diacronía non son certamente antagonias, e hoxe tendemos a conxugar ambos conceptos na construción teórica da estrutura da lingua. Mais ben se ve que a sincronía é unha abstracción. A cámara cinematográfica pode interromper o desenrolo da súa fita e dar-nos unha visión estática, puntual, dun momento do movemento. Cabe unha minuciosa análise desa fotografía instantánea. Mais, aínda que tal análise sexa de grande utilidade científica, non é menos certo, como se indica no discurso do Doutor Garcia, que todo sistema é inestábel. Unhas linguas dispoñen de resortes culturais que moderan máis do que outras esta inestabilidade. A nosa, desposuída deses resortes durante moitos séculos, está sometida, en sentido vertical e horizontal, a unha labilidade que non se pode subsanar mediante a ortopedia de unha lexislación autoritaria. Como ben indica o recipiendario, están condenados ao fracaso todos os intentos de impoñer ao pobo formas lingüísticas que non se compadecen coa súa mentalidade. Mais debemos ter en conta, secomasi, que esta liberdade da lingua para espilar as cangas que os que se cren os seus pegureiros pretenden, às veces, lle impor, refere-se especialmente à fala; pois a lingua escrita, como código de maior firmeza, admite a pegada de unha filosofía literaria que nunha sociedade non alleada e culturalmente equilibrada, repercute na mesma fala popular, producindo-se unha ósmose fecunda na que a espontaneidade do sistema lingüístico, reflexado no cultivo oral do idioma, fertiliza e vivifica a lingua escrita, a cal à súa vez pon orde normal no sistema, orientando-o de acordo cunha política lingüística consciente.

Non se concibe, efectivamente, no mundo actual un liberalismo lingüístico pre-histórico, no que a lingua, como calquer manifestación etnográfica intranscendente,

fique abandonada ao puro azar dos acontecementos. Hoxe compre-nos exercer unha policía lingüística que modere a anarquía do idioma popular; e non podemos ir à deriva da súa fluéncia como se o fenómeno lingüístico non tivese o seu ámbito local e cronolóxico. Non é científico mutilar unha língua segundo os límites políticos, polo que non podemos aceptar que o galego remate exactamente nos límites con Astúrias, León, Zamora, Tras os Montes ou Entre Douro e Miño; mais tampouco podemos desvincularnos do pasado, como se o noso idioma nada tivese que ver con aquel en que escribían os trovadores. Empequenecer así a língua, como se carecese de parentes pola liña colateral e pola liña de sucesión, equivalería a considerá-la como aerolito isolado, condenado ao museo mineralóxico, postura que favorecería a vulnerabilidade da nosa língua perante o español xeral. Tanto no sentido horizontal como no vertical, hai, efectivamente, zonas de transición, e é convencional asinalar os límites do galego no Douro, no Mondego ou no Rio Grande do Sul, como no século XII, no XI ou no X. O Doutor García González lembra-nos que unha língua é algo mui difícil de delimitar. Na árbore de Porfírio, o xénero é especie con relación a un escalón máis alto. A língua é un concepto sociolóxico, e non lingüístico. Podemos chamar língua ao andaluz a respecto do castelán, e podemos chamar língua ao goianés a respecto do galego. Mais se nos atemos, como é o normal, à tradición literaria, non son rentábeis tais fraccionamentos mínimos, como non sería rentábel no mundo moderno unha fragmentación política que fíxese normais as Andorras, os Mónacos, os Lichtensteins e os San Marinos, cando ese mundo se caracteriza polo rango planetario dun destino comun. Os dialectos locais e profesionais, como as linguaxes propias das distintas idades e dos distintos sexos, constitúen interesantes unidades do fenómeno lingüístico; mais todo aillamento proxecta unha sombra de anacronismo feudal sobre o campo da política lingüística. Como indica o discurso que vimos de ouvir, as fronteiras idiomáticas van-se esvaindo gradualmente, e hai zonas de transición onde as características se misturan. Entre o francés e o provenzal está o franco-provenzal; mais este tampouco presenta fronteiras nítidas. Hai, pois, tamén, unha zona de transición entre o francés e o franco-provenzal, e outra entre o franco-provenzal e o provenzal. Como que o concepto de língua é un universal, e, polo tanto, unha abstracción, na que só os alleos à vida científica poden ver realidades con límites puntualmente definidos no espacio e no tempo. No caso da nosa língua, como hai unha zona fronteiriza na que a comunidade se sente de a cabalo dos dous sistemas viciños, galego e asturiano (ou leonés), así hai outra na que se sente de a cabalo de outros dous: o galego provincial español e o portugués normativo. Porque a

fala natural é maiormente a mesma a ambas beiras do Miño, aínda que unha capa de lingua oficial recubra a fala espontánea no caso do portugués.

Así que cando se fala de unha lingua oral comun, estamos empregando unha linguaxe aproximativa. ¿Sobre que sincronía consideraremos esa relativa comunidade? ¿Deberemos prescindir, por exemplo, no caso do galego, do vocabulario histórico obscurecido pola castelanización? ¿Non deberemos, para formular unha lingua xeral, ter en conta o papel da lingua escrita? ¿E imos prescindir, para reconstruír o noso idioma, das demais normas do sistema, como se o castelán debese prescindir do andaluz, ou o catalán do valenciano? Así, pois, cando se afirma que a lingua oral debe estar na base da normativización, procede matizar no noso caso que non se trata da lingua oral tomada a eito, tal como moitos séculos de desleixo a fanaron; que non se trata da fala castelanizada usual en certos medios; que non se trata tampouco da lingua que se ouve nun recanto administrativo concreto. Non podemos aceptar un liberalismo populista e empírico sen correctivos, que nos conduza a un pseudogalego castelanizante. Non podemos confundir unha realidade popular con un ideal nacional, nen crer que Deus trazou as actuais fronteiras das provincias ideadas por don Javier de Burgos, que non era nengunha das persoas da Santísima Trindade: nen a primeira, nen a segunda, nen a terceira. Como dicía Castelao, as palabras, como os paxaros, voan sobre as fronteiras políticas. ¡Canto poderíamos matinar sobre estes problemas, plantexados directa ou indirectamente pola reflexión sobre a lingua que constituí o tema do ponderado discurso de Don Constantino Garcia!

E poderíamos matinar tanto precisamente pola fortísima carga emocional que para os fillos desta terra comporta a súa fala. Ben sabemos que esta non é expresión da raza. Que razas diversas chegan a falar a mesma lingua, e que o home ten unha historia política, a diferenza da besta, que só ten unha historia natural. E a historia política implica cambios de cultura e de civilización que entrañan cambios de lingua. Pode ser que caiba falar de razas puras referíndonos convencionalmente ao momento en que a humanidade xorde, momento que, por suposto, non pode fixar-se no tempo, nen configurar-se pontualmente. Mais na propia pre-historia as relacións humanas implican a destrución da pureza racial. A raza é, desde logo, nos nosos tempos, un fenómeno inasíbel no mundo civilizado, un mito, que, como tantos outros mitos, motivou o feroz holocausto do purismo fanático. ¿De que raza somos os galegos? ¿Que temos de oestrymnios, de celtas, de latinos, de xermánicos? Mais a lingua distingue-nos; unha

lúa, claro está, que foi produto de unha colonización. E, secomasi, o sacramento, o signo externo, mais profundamente entrañado, da galegitude. Tanto que os mesmos naturais do país que teñen como lúa usual o español xeral, chaman galego -aínda no caso de que o rexeiten- à lúa que hoxe estamos empregando neste acto.

Destino dramático o desa lúa, cuxos límites actuais poden trazar-se con maior ou menor xenerosidade, segundo a conceición que teñamos do seu futuro, non como visión profética, senón como proxecto político. Como o castelán, como o catalán, o español occidental -segundo a conceición clásica menendezpidaliana- progresou de norte a sul, colonizou territorios extrapeninsulares e deu orixe a formas cultas e populares, extendidas por varios continentes, que hoxe, segundo os nosos ideais localistas ou internacionalistas, segundo a nosa confianza ou desconfianza na solidez das falas minoritarias, segundo o creto maior ou menor que concedamos ao particularismo lingüístico, podemos considerar integradas nun sistema ou simplemente emparentadas na súa distinción. En todo caso, esas diversas formas difundidas polo mundo constitúen unha corroboración para o vello e ameazado tronco do grupo.

E esa corroboración é fundamental, porque a simple vontade de un pobo de manter a súa lúa nun ambiente impropicio, é empresa actualmente tan aleatoria como no-lo demostra o caso do irlandés, por exemplo. Fomos educados os galeguistas na idea da heroica resistencia do galego a sucumbir perante o castelán, como o Doutor Garcia lembra no seu discurso. Mais a castelanización de Galiza, hoxe sabemo-lo, non se detivo máis que pola deficiencia histórica das vías de penetración. O pobo campesino, relativamente isolado, mantiña a súa fala como mantiña o arado tradicional. A difusión da cultura de signo centralista através dos medios de comunicación contemporáneos, puxo o galego a ramo de morte. E foron os intelectuais maiormente os que, dotados de unha conciencia da identidade galega, que non se podía esixir às clases menos instruídas, criaron os primeiros diques de contención perante a desgaleguización idiomática. O galego subsistira porque Galiza estaba arrincoada. Hoxe, en que calquer forma de separatismo social é ilusoria, o galego desaparecería se a conciencia colectiva da nosa realidade espacial e temporal non enxendrase forzas que poden animar-nos nun difícil empeño.

Señores académicos: vexan que interesantes son as reflexións sobre a lúa con que ven de nos obsequiar o recipiendario, cando nos conducen à entraña mesma dos nosos problemas máis íntimos, ao problema da nosa supervivencia como falantes de un

idioma de nós. En nome da Corporación, à que me honro en representar, dou as grazas ao señor Profesor Doutor Don Constantino Garcia González pola colaboración que nos ten prestado incorporando-se, como un galego máis, aos nosos esforzos en prol do coñecimento da nosa língua, e saúdo, coa cordialidade que enxendron entre os dous moitos anos de convivencia universitária, ao noso novo académico.